

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 25 de maio de 2021.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 25 de maio de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* nº 102, do 2 de xuño), de conformidade co establecido no artigo quinto da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 25 de maio de 2021, unha vez vistos os informes emitidos polos consellos sociais e polos claustros de profesorado dos centros integrados, tal e como establece o punto 2 do artigo quinto da citada orde.

Segundo. En uso das atribucións conferidas polo punto 4 do artigo quinto da antedita orde, nomear directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia os candidatos relacionados no anexo desta resolución.

Terceiro. O nomeamento referido no punto segundo desta resolución terá efectos administrativos e económicos desde o 1 de xullo de 2021, inclusive.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional



ANEXO

| Provincia | Concello | Código do centro | Centro integrado de formación profesional | Apelidos e nome | DNI |
|------------|------------------------|------------------|---|-------------------------------|-----------|
| A Coruña | A Coruña | 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | Lesta Íñiguez, Cristina | ***9030** |
| A Coruña | A Coruña | 15024513 | CIFP Someso | Varela Mariño, Víctor Manuel | ***8841** |
| A Coruña | A Coruña | 15027800 | CIFP Imaxe e Son | Romero Sánchez, Ignacio María | ***3476** |
| A Coruña | A Coruña | 15027897 | CIFP Paseo das Pontes | Sobrado Vázquez, Pablo | ***6110** |
| A Coruña | Santiago de Compostela | 15015767 | CIFP Politécnico de Santiago | Espasandín Gerpe, Nicolás | ***0574** |
| Ourense | Ourense | 32008902 | CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel | Vázquez Guzmán, Marta | ***5561** |
| Pontevedra | Pontevedra | 36014489 | CIFP A Xunqueira | Ferrer Moreira, Santiago | ***5539** |

